

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 2 DE FEBREIRO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Santiago de Compostela de varias estradas e variantes de estradas.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regula o mercado de ovos.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se ordena a comparecencia no recurso de inconstitucionalidade 4926/2025 formulado polo Defensor do Pobo contra a disposición adicional oitava, a disposición transitoria única e a disposición derradeira decimo novena da Lei 1/2025, do 1 de abril, de prevención de perdas e o desperdicio alimentario, e que faculta para o efecto a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e designa con tal fin os letrados da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o inicio do trámite de audiencia e de información pública do anteproxecto da Lei de Administración local de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón das convocatorias de axudas da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) dirixidas á industria forestal: XERA-Tecno, XERA-Valor e XERA-Savia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, cun único empresario, da subministración e actualización tecnolóxica de software de virtualización de servidor para a Xunta de Galicia por un valor estimado de once millóns setecentos corenta e tres mil seiscentos oitenta euros (11.743.680 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto construtivo da senda na PO-352 A Guarda-Camposancos, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón douscentos noventa mil seiscientos corenta e tres euros con cincuenta e sete céntimos (1.290.643,57 €). Actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.
- Acordo polo que se toma razón do acordo de aprobación inicial do proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Lugo (S-5R Barrio do Sagrado Corazón).
- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do expediente relativo á delimitación e declaración de interese autonómico das actuacións de creación de solo residencial destinado a vivendas protexidas no concello de Ribadeo.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco con varios empresarios, da subministración sucesiva de diversos medicamentos para o tratamento do mieloma múltiple para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de cincuenta e nove millóns cincocentos trinta e nove mil douscentos noventa e catro euros con setenta e seis céntimos (59.539.294,76).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se aproba o Plan para a dinamización da lectura en Galicia 2026-2029.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da aprobación do proxecto básico da dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez, sometemento do estudo de impacto ambiental á información pública e aos informes sectoriais.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as actuacións previstas no Plan xeral galego de saneamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre *Galemundo, abrindo portas á internacionalización*.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a licitación das obras na residencia de maiores José Otero de Santiago de Compostela (230.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia en Galicia. 4º trimestre de 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a petición de documentación sobre a contestación enviada polo Goberno de España ao ditame motivado da Comisión Europea sobre a prórroga da concesión da AP-9 e a presentación do recurso contencioso contra a Administración xeral do Estado ante a falta de resposta.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a posta en marcha da rede de psicólogos clínicos en atención primaria.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria dos programas de axudas ás persoas traballadoras autónomas.
- Informe sobre a convocatoria do Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas para a contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas.
- Informe sobre a convocatoria dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas e a contratación de persoal de apoio.
- Informe sobre a convocatoria das axudas para promover o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes galegas retornadas.
- Informe sobre o proceso do traspaso das competencias en materia de autorizacións iniciais de traballo.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as actuacións do Servizo de Gardacostas no ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE VARIAS ESTRADAS PROVINCIAIS

- Transfírense catro estradas e variantes de estradas de titularidade provincial, incluído todo o dominio público viario
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Xunta de Galicia e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, o Concello de Santiago terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e o seu mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Santiago de Compostela de catro estradas e variantes de estradas, que suman 2,3 quilómetros de lonxitude, xunto co seu dominio público viario.

En concreto, transferirase a estrada DP-7801 de San Lourenzo a Vidán, de 1,2 quilómetros, e unha variante desta estrada, de 285 metros. Tamén a DP-7805 de acceso ao Hospital Provincial (545 metros) e a DP-7806, rampla ao Avío (273 metros de lonxitude).

A transferencia destas vías a prol do Concello de Santiago tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Santiago de Compostela terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas autonómicas, e asume a responsabilidade da súa conservación e o seu mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Plano das estradas obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:


INFORMACIÓN AOS MEDIOS



DP7801
Longitud = 1.269 m
Calzada = 8.778 m²
Dominio Público = 10.175 m²

DP7801-1V
Longitud = 285 m
Calzada = 1.601 m²
Dominio Público = 2.141 m²


EMPLAZAMIENTO



DP7805
Longitud = 545 m
Calzada = 4.066 m²
Dominio Público = 4.649 m²

EMPLAZAMIENTO

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA O DECRETO SOBRE A MARCACIÓN DE OVOS PARA AXILIZAR A SÚA VENDA, MELLORAR AS GARANTÍAS DOS CONSUMIDORES E DAR CUMPRIMENTO Á NORMATIVA NACIONAL E DA UE

- O Consello do Goberno galego deu o seu visto e prace definitivo ao texto, que entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*
- A novidade máis salientable do decreto é que se autorizará a marcación dos ovos tamén nos centros de embalaxe e non só nas granxas, garantindo así unha maior rastrexabilidade do produto
- Os ovos vendidos directamente aos consumidores polo produtor na explotación, na venda ao domicilio ou nun mercado público local seguirán quedando exentos da obriga da marcación, sempre que cumpran uns requisitos fixados no decreto

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto que regulará a marcación de ovos, co fin de axilizar a comercialización deste produto, mantendo en todo momento as garantías sanitarias e de rastrexabilidade, de mellorar as garantías para os consumidores e adaptar e dar cumprimento á normativa comunitaria e nacional sobre esta materia.

A aprobación definitiva da norma, unha iniciativa na que Galicia é pioneira dentro das comunidades autónomas, prodúcese logo do seu sometemento preceptivo ao ditame do Consello Consultivo de Galicia. O decreto será publicado proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e entrará en vigor aos vinte días da súa publicación neste boletín.

O novo decreto responde á obriga de respectar e trasladar á nosa Comunidade a nova normativa comunitaria e estatal, establecendo así un novo marco xurídico nesta materia que responda tanto a esa lexislación como ás competencias que ten Galicia neste eido.

O texto legal regula todo o relativo a onde debe realizarse a marcación e o código distintivo dos ovos, o réxime das autorizacións, aqueles supostos en que se pode exceptuar a marcación de ovos, as normas sobre a etiquetaxe dos estoxos e a embalaxe dos ovos, a etiquetaxe facultativa e os distintos controis a que están sometidos os centros de embalaxe.

A novidade máis destacada é que se permite, logo da autorización, a marcación dos ovos tamén nos centros de embalaxe e non só nas granxas, conseguindo unha maior garantía para o consumidor final e unha maior seguridade xurídica para estes centros, ao mesmo tempo que se axiliza considerablemente o proceso de comercialización deste produto. Desta forma, establécese a posibilidade de realizar a marcación de ovos no primeiro centro de embalaxe ao que cheguen, sempre e cando conte coa preceptiva autorización, á marxe de que, con carácter xeral, a marcación se levará a cabo na súa explotación de orixe.

Contido do decreto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia consta dunha parte expositiva e de 28 artigos, estruturados en tres capítulos. Entre as materias que regula, ademais da devandita autorización de marcación nos centros de embalaxe, salientan as excepcións que se establecen á obriga da marcación. Isto ten especial incidencia en Galicia, tendo en conta a importancia da venda directa deste produto na nosa Comunidade.

Así, establécese que seguirán exentos da obriga da marcación de ovos os vendidos directamente á persoa consumidora final polo produtor na explotación ou na venda ao domicilio en Galicia. Tamén aqueles vendidos directamente ao consumidor final nun mercado público local, sempre que cumpran dous requisitos. En primeiro lugar, que a explotación conte cun máximo de 50 galiñas poñedoras e, en segundo termo, que o nome e apelidos da persoa produtora, no caso de persoas físicas, ou a razón social para persoas xurídicas, así como a dirección da explotación, en ambos os casos, estean indicadas no punto de venda de forma claramente visible e lexible.

Importancia do sector en Galicia

O feito de contar con normas de comercialización dirixidas a regular aspectos que engloban criterios de clasificación, conservación e manipulación, requisitos de marcación e embalaxe, uso de mencións reservadas facultativas e requisitos para a importación e exportación, é un instrumento esencial tanto para os consumidores como para o propio mercado, ao dispor dun marco normativo uniforme. Nesa procura dunha maior claridade, sustentabilidade e transparencia, e dentro da estratexia europea “Da granxa á mesa”, a Comisión Europea levou a cabo unha revisión das normas de comercialización que tivo a súa translación na normativa española. Agora, con este novo decreto, o que se fai é adaptar a Galicia esta lexislación.

O sector dos ovos ten unha especial importancia no territorio galego, xa que a nosa Comunidade conta con máis de dous millóns de galiñas, cun total de 94 explotacións que producen anualmente preto de cincuenta e dous millóns de dúcias de ovos. A estas cifras cómpre engadir que Galicia conta cun total de 67 envasadoras deste produto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DEFENDERÁ ANTE O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL A VALIDEZ DAS DISPOSICIÓNS SOBRE A XESTIÓN DO LOBO QUE SE INCLUÍRON NA LEI ESTATAL DE DESPERDICIO ALIMENTARIO

- O Consello autoriza a Asesoría Xurídica Xeral a comparecer no recurso de inconstitucionalidade presentado polo Defensor do Pobo contra algúns preceptos da norma que aprobou o Congreso dos Deputados en marzo de 2025
- Os cambios normativos permitiron a saída do lobo da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e que puidesen retomarse as medidas de control da especie en casos de danos recorrentes ás explotacións gandeiras
- O Executivo galego entende que a anulación desas disposicións conculcaría as competencias das comunidades autónomas, atribuíndollas ao Estado, o que sería contrario á orde constitucional de competencias

O Consello autorizou hoxe que a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia compareza no recurso de inconstitucionalidade presentado polo Defensor do Pobo contra tres disposicións que inciden na xestión do lobo incluídas na Lei estatal 1/2025, do 1 de abril, de prevención das perdas e o desperdicio alimentario. Deste xeito, poderá defender os intereses da comunidade ante o Tribunal Constitucional e achegar os seus argumentos a prol dunha normativa que supuxo a saída do lobo ao norte do Douro da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe).

A lei estatal, aprobada polo Congreso dos Deputados en marzo do ano pasado e publicada no *Boletín Oficial del Estado* o 2 de abril de 2025, modifica mediante a súa disposición derradeira décimo novena o anexo do real decreto que recolle a relación de especies incluídas no Lesrpe co fin de excluír del as poboacións do lobo ao norte do río Douro e manter unicamente as que están ao sur.

Este cambio supuxo que quedara sen efecto a orde ministerial do 20 de setembro de 2021 pola que se incluía a especie ao norte do Douro nesta listaxe e que volveuse ser aplicable o Plan de xestión do lobo que rexía en Galicia ata a aprobación desa orde. Desa maneira pasou a ser novamente unha das especies cinexéticas fronte ás que se podían adoptar medidas de control fronte aos danos causados.

Non obstante, cómpre recordar que a Xunta de Galicia sempre defendeu que ese plan de xestión non supón que o lobo sexa unha especie obxectivo da caza senón que, en liña coas recomendacións do Comité Permanente do Consello de Berna, busca garantir a viabilidade da especie no territorio. En definitiva, pretende manter unha poboación estable e ao mesmo tempo compatibilizar a súa existencia coa gandaría extensiva e coa viabilidade económica das explotacións agropecuarias, entre outras, adoptando medidas preventivas e establecendo liñas de axudas para paliar os danos causados pola especie.

Por iso, o Executivo galego defende que a anulación desa disposición derradeira décimo novena suporía quitarlle de novo a competencia ás comunidades autónomas na xestión do lobo, atribuíndolla ao Estado, o que sería contrario á orde constitucional de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

competencias. De feito, devolvería a xestión do lobo á situación vivida entre o 22 de setembro de 2021 e abril do ano pasado.

Nese sentido, Galicia fará valer as competencias que lle outorga o Estatuto de autonomía, que establece que son competencia exclusiva galega tanto a caza como as normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe. Polo tanto, de darse unha anulación dese precepto, estaríamos ante unha vulneración de competencias.

O Defensor do Pobo tamén recorre a disposición transitoria única da lei estatal, que sinala que as poboacións do lobo ao sur do Douro se excluirán automaticamente do Lesrpe cando se modifique o seu réxime de protección nos anexos da Directiva comunitaria de 1992 sobre a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre, algo que ocorreu recentemente. Novamente, a anulación desta disposición conculcaría as competencias das comunidades autónomas.

A última disposición conta a que se recorre é a adicional oitava, que modifica o artigo 61 da Lei do patrimonio natural e da biodiversidade, para introducir unha xustificación máis para poder adoptar medidas de extracción e captura de exemplares de especies incluídas no Lesrpe. Neste precepto engádense razóns de eficiencia do sistema produtivo ás xustificacións xa establecidas previamente por efectos prexudiciais para a saúde e seguridade das persoas, para previr danos importantes para o gando, por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, por razóns de investigación, educación, repoboación ou reintrodución, para evitar danos para a seguridade aérea ou para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais.

Unha vez máis, esta parte da normativa incide sobre o ámbito competencial das comunidades autónomas, en relación co ámbito da lexislación de desenvolvemento e a execución da normativa básica en materia de ambiente, polo que a súa anulación afectaría o autogoberno e o exercicio por parte das autonomías das súas competencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA AVANZA NA FUTURA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA DOTAR AOS CONCELLOS DUN NOVO MARCO XURÍDICO ADAPTADO ÁS SÚAS NECESIDADES

- O Consello autoriza someter á audiencia e información pública o anteproxecto co fin de remitilo ao Parlamento galego no segundo trimestre deste ano
- Destaca que, con esta reforma integral da normativa, Galicia contará “coa lei máis completa e actual do Estado”
- O obxectivo é modernizar o marco local, simplificar a burocracia e fomentar a cooperación entre administracións
- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, salienta o novo modelo de financiación local que terá en conta criterios coma “a dispersión ou o envellecemento da poboación”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello autorizou o inicio do trámite de audiencia e de información pública do anteproxecto da Lei de Administración local de Galicia co obxectivo de “adaptar esta normativa aos cambios legislativos, tecnolóxicos e sociais” das últimas décadas e poder remitir o texto ao Parlamento galego no segundo trimestre deste ano.

O Goberno galego pretende levar a cabo unha reforma da norma despois de case 30 anos de vixencia que converterá Galicia en referente estatal ao adaptar a normativa á realidade demográfica galega actual e dotar as entidades locais dun novo marco normativo autonómico adaptado ás súas necesidades e ás da súa veciñanza.

“Imos ter a lei máis completa e actual do Estado”, indicou Rueda. Nesta liña, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, resaltou que “Galicia vai ser a primeira comunidade en abordar de forma integral nunha única norma unha reforma de todas as dimensións da Administración local contemporánea” e sinalou que a comunidade marca o camiño cara “unha administración máis innovadora, eficiente, dixital e adaptada ás necesidades do século XXI”.

O texto deste anteproxecto será sometido á exposición pública e, entre outros obxectivos, pretende modernizar o marco local, simplificar a burocracia ou introducir as tendencias e vangardas normativas relacionadas coa administración dixital e a interoperabilidade, a transparencia e o Goberno aberto, a planificación e a avaliación de políticas públicas e a cooperación multinivel efectiva.

Tamén mellora o sistema de repartición de competencias e regula con maior claridade as competencias propias, as delegadas e as distintas das propias ou atribuídas por delegación.

Outra das novidades é a incorporación de fórmulas innovadoras de colaboración e cooperación para o exercicio das competencias municipais, como é o caso das áreas funcionais de carácter temporal, que permitirán a agrupación de municipios para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

facilitar a prestación de servizos conxuntos ou o desenvolvemento de actuacións de interese común.

Nesta liña, o anteproxecto recolle ademais o reforzo do papel das deputacións provinciais como garantes da autonomía municipal e da correcta prestación dos servizos públicos municipais en exercicio das súas competencias de coordinación e de asistencia aos municipios, sobre todo aos que se atopen no reto demográfico e aos que dispoñan de recursos limitados.

Do mesmo xeito, en relación coas mancomunidades de municipios, aposta claramente por estas figuras, fomentando o asociacionismo municipal coa finalidade de lograr unha mellora na calidade da prestación dos servizos públicos.

No que se refire aos municipios que se atopen en situación do reto demográfico aborda este concepto e, segundo explicou Rueda, “establece un réxime especial” con medidas tendentes a reforzar a capacidade destes concellos, tanto desde o punto de vista de financiamento como asistencial.

Ademais, en canto ao financiamento local, Calvo explicou que a nova norma abordará un novo sistema que integrará, entre outras cuestións, “criterios de dispersión e envellecemento da poboación”.

A nova Lei de Administración local de Galicia estrutúrase nun título preliminar e nove títulos específicos –competencias das entidades locais territoriais, do municipio, organización dos municipios, a provincia, outras entidades locais, disposicións comúns ás entidades locais, fórmulas de cooperación e colaboración, goberno aberto e, por último, facenda e financiamento local-, así como catro disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas derradeiras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 16 M€ PARA QUE A CADEA MONTE-INDUSTRIA MELLORE A SÚA COMPETITIVIDADE A TRAVÉS DA DIXITALIZACIÓN E A INNOVACIÓN

- O Goberno convoca unha nova edición das liñas Xera-savia, Xera-tecno e Xera-valor co obxectivo de potenciar o sector e impulsar o aproveitamento, a transformación e valorización de produtos de orixe forestal como a madeira, a resina ou a castaña
- O programa Xera-tecno conta cun orzamento de máis de 11 millóns de euros no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a realización de investimentos en tecnoloxías forestais e mobilización e comercialización de produtos do sector
- O Goberno galego financia integramente cunha partida de 5 millóns de euros a liña Xera-valor, destinada ao impulso da valorización, da segunda transformación e ecoinnovación de produtos da cadea monte-industria e á dixitalización e mellora da seguridade
- A nova convocatoria da liña Xera-savia, á cal se destina medio millón de euros, permitirá mellorar e reforzar a formación dos profesionais do sector, ademais de favorecer a participación de axentes clave na divulgación da utilidade da madeira e dos seus produtos derivados

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu esta mañá da nova convocatoria de axudas que vai lanzar a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) para mellorar a competitividade da cadea monte-industria e impulsar un sector que representa o 5,5 % da cifra de negocio total e conta con máis de 13.600 persoas ocupadas. En total, a Consellería de Economía e Industria, da que depende a Xera, vai destinar 16,5 millóns de euros a tres programas de axuda: o Xera-savia, o Xera-tecno e o Xera-valor, cos que o Goberno galego aspira a potenciar un sector que en 52 dos 313 concellos galegos, a industria de base forestal, representa máis do 30 % dos establecementos e en sete comarcas figura entre as tres primeiras actividades industriais. As bases das convocatorias saíran publicadas nas vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Deste xeito, a Xunta activará proximamente o programa de apoios dirixido a persoas autónomas e pemes da industria forestal radicadas en Galicia: o denominado Xera-tecno. As axudas están destinadas á realización de investimentos en tecnoloxías forestais, así como para a mobilización e comercialización de produtos do sector e conta cun orzamento de máis de 11 M € no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027.

A convocatoria establece 5 liñas de axudas: a liña 1. Xestión forestal activa, para a compra da maquinaria necesaria para realizar tratamentos silvícolas (podas, desbastamentos e rareos); a liña 2. Madeira e biomasa, dirixida ao acondicionamento e ás instalacións en parques intermedios de rolla ou biomasa e á compra de maquinaria para a corta e desembosque de madeira; a liña 3. Castaña e resina, para adquirir equipamentos para o aproveitamento comercial da castaña ou da resina; a liña 4. Valor engadido na primeira transformación da biomasa e da madeira, onde se inclúen equipamentos portátiles para a clasificación estrutural da madeira e maquinaria e instalacións de primeira transformación, entre outros; e a liña 5. Medición,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

rastrexabilidade e caracterización da madeira obxecto de aproveitamento, na cal se inclúen equipamentos de medición de inventario forestal, vehículos aéreos non tripulados e os seus accesorios como cámaras ou LIDAR, entre outros.

Os apoios alcanzarán ata o 40 % dos gastos elixibles cun límite máximo de 200.000 euros para as liñas 1 e 4 e de 50.000 euros para a liña 5, mentres que as liñas 2 e 3 poderán recibir unha axuda máxima por solicitante de 160.000 euros.

Xera-valor, unha liña única a nivel estatal

A segunda das liñas de axuda, Xera-valor, pon o foco na posta en valor e no peche do ciclo produtivo dos recursos forestais na Comunidade a través do impulso da segunda transformación, de maneira que se aproveitan as oportunidades que está a xerar o incremento de produtos derivados da madeira en diversos eidos como o da construción ou o segmento do contract, no cal Galicia é punteira a nivel internacional. Trátase dunha axuda única a nivel estatal cuxo orzamento ascende a 5 millóns de euros financiados con fondos propios.

Para iso, a convocatoria aprobada esta mañá recolle seis liñas de axuda. A liña 1. Competitividade e valorización, está destinada á adquisición de novo equipamento para a transformación de produtos de orixe forestal non alimentario, así como para os procesos de secado e doutros tratamentos e acabamentos da madeira. A liña 2. Mobiliario, contract e construción, facilita a compra de maquinaria nova vinculada ao deseño e á fabricación de mobiliario e á fabricación de elementos para a construción. No caso da liña 3. Dixitalización, recolle apoios para a xestión integral, dixitalización de procesos e sistemas para a xestión do ciclo de vida, ciberseguridade, intelixencia artificial ou automatización e sensorización, entre outros.

No caso da liña 4. Certificacións, ensaios e informes, poderán solicitala aqueles que queiran implantar e certificar a cadea de custodia de produtos forestais, de normativas de calidade e de xestión ambiental, informes, servizos, bens de equipamento, tecnoloxías e obras de acondicionamento necesarios para a obtención de certificados ou selos de calidade e ambientais. Tamén para marcas colectivas rexistradas ou para a implantación da marcación CE de produtos de orixe forestal, entre outros.

A liña 5. Seguridade e saúde na contorna laboral está dirixida á incorporación de servizos para a implantación e certificación do estándar ISO 45001 –xestión da seguridade e saúde no traballo– ou medidas para reducir os riscos de orixe e propagación de incendios. E, finalmente, a liña 6. Ecoinnovación está dirixida ao ecodeseño de produtos ou materiais con madeira, a implantación de solucións de economía circular, así como para introducir ferramentas que permitan analizar diferentes aspectos ambientais nas fases do ciclo de vida.

A convocatoria Xera-valor está dirixida principalmente ás pemes do sector forestal-madeira, así como ás asociacións da cadea de valor e empresas que presten servizos de transporte de mercadorías por estrada no caso da liña 3, e de pemes de calquera sector que desenvolvan solucións ecoinnovativas con madeira, no caso de solicitar apoios no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

marco da liña 6. E no que respecta á intensidade das axudas, esta será do 50 % ata un máximo de 60.000 euros en todas as liñas agás no caso de actuacións encadradas nas liñas 1 e 2, que será de 250.000 euros. Ademais, os apoios poderán ser do 70 % no caso da liña 3 se a actuación consome servizos web da Xunta ou se se trata de proxectos que empreguen a ferramenta gratuita de rastrexabilidade Fortra.

Formación e divulgación a través do Xera-savia

Finalmente, a Administración galega busca mellorar e reforzar as habilidades profesionais do persoal traballador do sector para incrementar a competitividade e o coñecemento en todas as fases da cadea de valor a través do programa de axudas Xera-savia. Cun orzamento de medio millón de euros, inclúe tres liñas de actuación, tanto para actividades formativas non regradas de carácter específico, como as de carácter transversal, e mesmo accións de divulgación para dar a coñecer a industria forestal-madeira e a súa cadea de valor.

Xera-savia esta destinada a asociacións, organizacións, fundacións de interese galego e entidades sen ánimo de lucro que teñan base asociativa e sexan representativas da cadea de valor da industria forestal-madeira. Tamén a agrupacións empresariais innovadoras (AEI), os centros universitarios e colexios profesionais representativos da industria forestal-madeira galega. Todos eles poderán optar ao 100 % da axuda cun límite máximo de 70.000 euros por entidade beneficiaria.

O sector forestal foi declarado estratéxico polo Goberno galego en febreiro de 2024 e o pasado 19 de xaneiro, o Consello da Xunta de Galicia daba conta dos avances na tramitación do plan director para o sector, ferramenta que marcará a folla de ruta desta industria nos vindeiros anos para potencia-la, incrementar a súa competitividade e xerar emprego de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVARÁ E AMPLIARÁ OS SEUS SERVIDORES VIRTUAIS, QUE AUMENTAN A EFICACIA E REDUCEN OS CUSTOS DOS SERVIZOS E RECURSOS DIXITAIS

- O Consello da Xunta de Galicia aproba a formalización dun acordo marco de catro anos que permitirá renovar e ampliar as licenzas de software que empregan os servidores virtuais da Administración autonómica
- Os servidores virtuais consisten en solucións de software que se comportan como servidores físicos e optimizan e amplían a dispoñibilidade e o rendemento dos servizos e das aplicacións da Xunta de Galicia
- Proporcionan estabilidade e seguridade aos servizos da Administración porque reducen as incidencias dos fallos ou as necesidades de actualización nas infraestruturas físicas
- O emprego de servidores virtuais é imprescindible nun contexto de crecemento do uso dos servizos dixitais prestados polas administracións públicas
- A Xunta dispón na actualidade de máis de 6.000 servidores en contornas virtualizadas que, ademais de reducir as necesidades de investimento en equipamentos, implican uns custos de mantemento cinco veces inferiores aos dos servidores físicos

A Xunta de Galicia poderá destinar ata 11,8 millóns de euros nos vindeiros catro anos a afrontar as necesidades de renovación das licenzas de software que empregan os servidores virtuais da Administración autonómica, así como para a súa ampliación cando sexa necesario, a través dun acordo marco que hoxe aprobou contratar o Consello de Goberno.

A Xunta dispón na actualidade de servidores físicos e virtuais que manteñen conectada toda a rede corporativa e se encargan de proporcionar servizos e recursos a todos os dispositivos que se empregan na Administración. Os servidores virtuais compórtanse como os servidores convencionais, pero non dependen dunha única infraestrutura física e optimizan o uso e a dispoñibilidade do espazo e dos recursos. Este tipo de solucións é imprescindible nun contexto de crecemento dos servizos dixitais prestados polas administracións públicas.

O uso da tecnoloxía de virtualización de servidores permite, por exemplo, que se poidan realizar actualizacións nos servidores físicos, que son equipamentos de hardware, sen que os servizos da Administración teñan que interromperse ou se poidan ver afectados, xa que as máquinas virtuais poden moverse e empregar os recursos doutros servidores físicos. Esta mesma capacidade de empregar recursos de diferentes espazos físicos reduce notablemente os problemas de rendemento asociados á saturación de servidores en momentos puntuais.

Na actualidade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia dispón de máis de 6.000 servidores virtuais. Para ofrecer un servizo equivalente sen virtualización, habería que mercar, instalar, manter e renovar miles de equipamentos físicos, cada un deles cun custo elevado de adquisición, espazo, electricidade, climatización, soporte e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

avarías. Xa só a compra inicial dispararía enormemente o orzamento, pero os custos do mantemento implicarían un custo anual de aproximadamente 5 veces máis.

A Xunta leva xa máis dunha década empregando servidores virtuais e a súa conveniencia e eficacia foi analizada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia nunha serie de proxectos piloto que confirmaron que esta tendencia global proporcionaba as solucións máis adecuadas para a contorna e a capacidade da Administración autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO DA SENDA DA GUARDA ATA CAMPOSANCOS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1,3 M€

- O itinerario peonil e ciclista continuo aproveitará a traza da PO-352 que circunvala o monte de Santa Trega
- A senda discorrerá paralela á estrada autonómica, en dous treitos de case tres quilómetros, para o acceso da poboación que vive na súa traza ao centro da Guarda, ao cemiterio ou aos establecementos industriais da zona
- A Xunta prevé licitar a execución das obras xa neste primeiro trimestre do 2026

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto construtivo dunha nova senda na estrada autonómica PO-352 entre o núcleo urbano da Guarda con Camposancos, cuxa execución suporá un investimento de preto de 1,3 M€ (1.290.643 €).

Este novo itinerario peonil e ciclista discorrerá paralelo a esta vía autonómica que circunvala o monte de Santa Trega, ao longo de aproximadamente 3 quilómetros, dividido en dous treitos (entre os p.k. 1+910 e 4+040 e entre o 5+210 e o 5+950). Así, a senda discorrerá entre o citado espazo de Santa Trega e a zona costeira, configurando un itinerario cun alto valor paisaxístico e cultural.

Logo da aprobación hoxe do proxecto construtivo, prevese realizar a convocatoria do levantamento das actas previas para as expropiacións e, posteriormente, considérase que as obras se licitarán xa neste primeiro trimestre deste 2026. O prazo de execución dos traballos é de oito meses.

A citada estrada PO-352 conta maioritariamente con tráfico local e, na actualidade, carece de zonas destinadas ao tránsito peonil agás na zona urbana existente entre os dous tramos de actuación, na cal existen beirarrúas.

Deste xeito, o itinerario peonil e ciclista continuo e seguro conectará coas citadas beirarrúas e permitirá o acceso á poboación que vive na súa traza ao núcleo urbano da Guarda, ao cemiterio ou a un importante establecemento industrial existente na zona.

Características

A nova senda executarase á mesma cota da PO-352, de maneira que non se afecte a drenaxe actual da estrada. Por outra parte, prevese separar a senda da estrada creando unha berma intermedia que permita futuras ampliacións.

Así, a senda proposta contará cunha sección tipo de 2 metros de ancho, aínda que nalgún punto é preciso reducir esta dimensión para respectar algunha edificación pola existencia dalgún obstáculo (edificacións), e será de formigón de cor *terrizo*.

Ademais, para a execución deste itinerario, será preciso ampliar a plataforma de traballo, para o cal se realizarán once muros de contención de terras cunha altura

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

máxima de 2 metros. Na actuación inclúense tamén as obras de drenaxe necesarias, así como a execución de 365 m de cunetas de seguridade.

As intervencións nas redes de servizos consistirán na execución de canalizacións baixo as sendas para o futuro soterramento das liñas aéreas e en recuamentos de postes e de cinco puntos de luz que se ven afectados polo trazado da senda.

O Goberno galego segue a traballar en actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada, mellorando e favorecendo nos municipios unha mobilidade máis sustentable, cómoda e segura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA INICIALMENTE O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA DESENVOLVER SOLO NO BARRIO SAGRADO CORAZÓN EN LUGO, ONDE SE PREVÉN MÁIS DE 1.200 VIVENDAS

- Trátase do primeiro dos once PIA que tramita a Xunta de Galicia que acada a aprobación inicial
- Unha vez aprobado, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e iniciárase un período de información pública para a presentación de alegacións por un prazo de 15 días naturais
- A previsión da Xunta é licitar a obra de urbanización no segundo semestre do 2027, co fin de iniciala no 2028
- Na actualidade están en tramitación nove proxectos de interese autonómico para a urbanización de solo para vivendas, das que o 80 % serán protexidas, e nos outros dous está licitado o contrato para a redacción do proxecto
- No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das que 20.000 serán protexidas

O Consello da Xunta aprobou hoxe inicialmente o proxecto de interese autonómico (PIA) para desenvolver solo no ámbito do barrio Sagrado Corazón de Lugo, onde se prevén máis de 1.200 vivendas, das que o 80 % serán protexidas. Trátase do primeiro PIA que tramita a Xunta que acada a aprobación inicial, no marco da Estratexia galega de solo residencial que está a levar a cabo o Goberno galego.

O ámbito do PIA abrangue aproximadamente 12 hectáreas e está situado ao nordés da cidade, no contorno do barrio do Sagrado Corazón, delimitado pola calzada das Gándaras, a rúa Venancio Senra e a rúa Serra de Meira. Ten unha situación estratéxica na estrutura urbana de Lugo, ao localizarse nas inmediacións a futura estación intermodal.

A proposta de ordenación prevé aproximadamente 1.265 vivendas (que ocupan un 25 % da superficie do ámbito), das cales o 80 % serán protexidas e o 20 % libres. As vivendas integraranse en bloques residenciais en tipoloxía aberta, que se desenvolverán en planta baixa, 5 ou 6 alturas e ático.

Ademais, prevense usos terciarios no 4,40 % da superficie total e equipamentos no 11 % (concentrarase unha ampla superficie na parte posterior do CEIP Sagrado Corazón). Resérvase para prazas de aparcamento o 7 % do espazo, mentres que as zonas libres e verdes suporán o 28,41 %.

Unha vez aprobado, o proxecto de interese autonómico publicarase nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* e iniciárase un período de información pública de 15 días naturais para a presentación de alegacións. O seguinte paso será o seu estudo e a súa resolución e a análise dos distintos informes sectoriais para a posterior aprobación definitiva do PIA, estimada no último trimestre deste 2026.

Paralelamente, traballarase no proxecto de expropiación e no de urbanización. A previsión é licitar a obra de urbanización no segundo semestre do 2027, co fin de iniciala

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no 2028. Simultaneárase a urbanización coa edificación para poder dispor desta bolsa de vivenda o antes posible.

Estratexia galega de solo residencial

No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das que 20.000 serán protexidas.

O Goberno galego ten en marcha 11 proxectos de interese autonómico en dez concellos. Así, están en tramitación os PIA para desenvolver ámbitos en Pontevedra, Vigo (2), Ourense, Lugo, Arteixo, A Coruña, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa, e licitada a redacción dos de Marín e O Porriño. Ademais, no Consello de hoxe deuse conta do inicio da tramitación para abordar outro novo PIA, o duodécimo, no concello de Ribadeo, onde se prevé desenvolver solo para 300 vivendas.

Contan xa con informe ambiental estratéxico os PIA da Coruña (Monte Mero), Lugo (Sagrado Corazón), Ourense (Escorial-Vinteún), Vigo (Ofimático) e Arteixo (A Baiuca-Penouqueira).

Ademais, están en fase de tramitación do informe ambiental estratéxico os proxectos de Santiago (Mallou) e Pontevedra (San Mauro). E proximamente iníciarase o trámite ambiental dos PIA de Vigo (Ramón Nieto-Santa Cristina) e Vilagarcía de Arousa (As Carolinas).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABORDA UN PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA DESENVOLVER SOLO PARA 300 VIVENDAS EN RIBADEO

- O Consello da Xunta deu conta hoxe do inicio da tramitación deste novo PIA, nun ámbito de 7,6 hectáreas, que se suma aos once que xa ten en marcha a Administración autonómica na Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Ourense, Vigo (2), Pontevedra, Arteixo, Vilagarcía de Arousa, Marín e O Porriño
- Os próximos pasos serán a declaración de interese autonómico, na cal xa se está traballando, e a licitación do contrato para a redacción do PIA

O Consello da Xunta deu conta hoxe do inicio da tramitación dun proxecto de interese autonómico (PIA) no concello de Ribadeo, para desenvolver solo onde construír 300 vivendas, das que o 80 % serán protexidas. Este novo PIA, primeiro na comarca da Mariña lucense, súmase aos once que xa ten en marcha o Goberno galego na Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Ourense, Vigo (2), Pontevedra, Arteixo, Vilagarcía de Arousa, Marín e O Porriño e enmárcase na Estratexia galega de solo residencial.

O PIA comprenderá o solo urbanizable residencial SUD-R2, con 7,6 hectáreas de superficie, e o ámbito está comprendido dentro dos seguintes límites: norte, avenida de Ribadeo e terreos de solo urbano; sur, vía municipal e parcela; leste, camiño de Reverte a Vilar e terreos de solo urbano e oeste, vía municipal e parcela.

Os próximos pasos serán a declaración de interese autonómico, na cal xa se está a traballar, e a licitación do contrato para a redacción do PIA.

Na actualidade, no marco da Estratexia galega de solo residencial, están en tramitación os PIA para desenvolver ámbitos en Pontevedra, Vigo (2), Ourense, Lugo, Arteixo, A Coruña, Santiago de Compostela e Vilagarcía, e licitada a redacción dos de Marín e O Porriño.

Cinco destes PIA contan xa con informe ambiental estratéxico, os da Coruña (Monte Mero), Lugo (Sagrado Corazón), Ourense (Escorial-Vinteún), Vigo (Ofimático) e Arteixo (A Baiuca-Penouqueira).

Ademais, están en fase de tramitación do informe ambiental estratéxico os proxectos de Santiago de Compostela (Mallou) e Pontevedra (San Mauro). E proximamente iniciárase o trámite ambiental dos PIA de Vigo (Ramón Nieto-Santa Cristina) e Vilagarcía de Arousa (As Carolinas). Hoxe mesmo o Consello da Xunta aprobou o primeiro PIA de xeito inicial, no ámbito do Sagrado Corazón en Lugo.

Plano do ámbito de actuación en Ribadeo:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 60 M€ EN MEDICAMENTOS DESTINADOS AO TRATAMENTO DO MIELOMA MÚLTIPLE NOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de diversos medicamentos destinados ao tratamento desta patoloxía
- Trátase dunha enfermidade frecuente na Comunidade galega, xa que afecta sobre todo persoas maiores de 65 anos
- Estímanse en aproximadamente 625 as persoas candidatas ao tratamento
- A complexidade do tratamento do mieloma múltiple implica a utilización dunha ampla diversidade de terapias e a combinación entre elas
- Esta contratación súmase á autorizada o pasado mes de setembro, para a subministración de terapias CAR-T fronte ao mieloma múltiple a través dun acordo marco cun importe estimado en 100 M€

O Goberno galego autorizou na súa reunión de hoxe a contratación, mediante acordo marco con varios empresarios e polo período dun ano, da subministración sucesiva de diversos medicamentos destinados ao tratamento do mieloma múltiple nos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. O valor estimado do contrato ascende a 59.539.294 euros, atendendo á posible prórroga por 12 meses.

A compra destes medicamentos supón unha nova contratación a nivel centralizado que ten como obxectivo dar cobertura ás necesidades de tratamento desta enfermidade en pacientes do Servizo Galego de Saúde. Coa compra centralizada prevese un aforro estimado de 4,8 millóns de euros.

O mieloma múltiple é unha enfermidade que se orixina na medula ósea, concretamente nas células plasmáticas, que forman parte do sistema inmunolóxico ou de defensa do organismo e son as encargadas de fabricar as inmunoglobulinas.

O mieloma múltiple é o segundo cancro de sangue máis frecuente, cunha incidencia de 6 casos por cada 100.000 habitantes e ano, segundo os últimos datos da Rede Española de Rexistros de Cancro. A idade media no momento do diagnóstico é de 65-70 anos e menos dun 15 % dos casos danse en pacientes menores de 50 anos.

En Galicia poder ser unha patoloxía máis frecuente que noutras comunidades porque afecta sobre todo a persoas maiores de 65 anos, e a Comunidade galega rexistra unha porcentaxe superior de persoas maiores desta idade. En consecuencia, poderían estimarse aproximadamente 625 persoas candidatas ao tratamento.

A complexidade do tratamento do mieloma múltiple implica a utilización dunha ampla diversidade de terapias e a combinación entre elas co obxectivo de manter o control constante debido á heteroxeneidade da enfermidade, á súa resistencia aos tratamentos e á elevada posibilidade de recaídas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A innovación terapéutica dos últimos anos permitiu aumentar a supervivencia dos pacientes de maneira significativa, converténdose, nalgúns casos, nunha enfermidade crónica manexable.

A contratación de medicamentos autorizada hoxe polo Consello súmase á realizada o pasado mes de setembro, cando se deu luz verde a un acordo marco, cun valor estimado de 100 M€, para a subministración sucesiva dos medicamentos CAR-T indicados para tratar o mieloma múltiple, Abecma e Carvykti, con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 60 M€ Á POSTA EN MARCHA DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA DE GALICIA CON 115 MEDIDAS ATA 2029

- O Consello dá o visto e prace a *Lemos+*, a folla de ruta impulsada polo Goberno galego para seguir mellorando os hábitos lectores que sitúan a Comunidade con índices superiores aos estatais
- As liñas básicas abranguen o papel das bibliotecas públicas, o ámbito formativo, o sector do libro, as accións de dinamización social e os instrumentos de participación
- As accións previstas no documento inclúen a creación do Observatorio Galego da Lectura, medidas de apoio a audiolibros en galego ou o fomento da adaptación de libros en lectura fácil, en liña coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia
- O Executivo autonómico reafirma así o seu compromiso coa lectura como fonte de formación e lecer, garante dunha sociedade democrática

A Xunta de Galicia porá en marcha 115 medidas dotadas cun investimento de 60 M€ para continuar mellorando os hábitos lectores na Comunidade nun momento en que Galicia rexistra uns índices superiores á media nacional. Así se acordou hoxe no Consello de Xunta, onde se lle deu o visto e prace a *Lemos+*, a folla de ruta impulsada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para dinamizar a lectura en toda a sociedade e na cal se establecen cinco eixos de acción estratéxicos.

Tal e como se recolle no plan, o obxectivo do Executivo autonómico é levar a cabo accións que, atendendo á diversidade social e cultural, permitan fomentar os hábitos de lectura impresa e dixital, especialmente en galego, co fin de que a porcentaxe de persoas que len libros por lecer, polo menos unha vez ao trimestre, chegue ao 75 %. Así mesmo, procurárase incrementar a porcentaxe de persoas que len unha vez á semana ata o 65 % e ata o 40 % no caso da poboación que le de xeito dixital.

Por outra banda, o documento aprobado hoxe tamén estará destinado a garantir o acceso ao libro con accións que favorezan a variedade de contidos e formatos, a potenciar as conexións entre o conxunto de axentes do ecosistema do libro e a impulsar medidas de apoio directo a este sector.

Para conseguilo, *Lemos+* está dividido en cinco eixos estratéxicos. O primeiro deles está enfocado na dinamización social da lectura e inclúe medidas dirixidas a favorecer a supresión de barreiras, na liña da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia impulsada pola Xunta de Galicia. Cómpre salientar neste punto a aposta polos plans locais de lectura, ferramentas que permiten analizar as necesidades de cada territorio establecendo sinerxías entre as administracións e o tecido sociocultural, xerando así redes de entidades locais lectoras.

O segundo deles está dirixido a fomentar a lectura desde as bibliotecas públicas. Con actuacións para potenciar a difusión de actividades nas bibliotecas, fomentar o seu papel como escaparate da produción editorial galega, incrementar os fondos galegos en formato físico e dixital, promover encontros con creadores ou elaborar guías de lectura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, tamén recolle a creación de espazos accesibles e inclusivos, e a mellora de servizos como *A Furgoteka*, a biblioteca móbil de Galicia, ou da plataforma dixital GaliciaLe.

O terceiro, pola súa banda, busca dinamizar os hábitos de lectura desde os ámbitos formativos, no cal destacan accións relacionadas coas escolas infantís ou a mocidade universitaria. Apóstase así por impulsar a creación de materiais en galego para a cativada e a organización de propostas coas familias. Fomentar a visibilidade e dinamización do libro galego nas bibliotecas universitarias ou potenciar unha programación ao redor da lectura nos centros de ensinanza especiais e de capacitación profesional son outros dos eixes principais.

Pola súa banda, o cuarto eixo, destinado á lectura desde o sector do libro, inclúe medidas dirixidas a incrementar o número de traducións de obras doutras linguas ao galego, a convocar bolsas de creación para proxectos, ao impulso de programas de residencias ou á presenza de editoras nas feiras profesionais e mercados internacionais.

O último dos eixos abrangue os instrumentos de participación, análise, investigación e innovación do ecosistema do libro en Galicia que permiten dispoñer de datos regulares para coñecer as tendencias e designar así as accións futuras. Establécese neste eido a creación do Observatorio da Lectura de Galicia como ferramenta de apoio ao labor do Consello Asesor do Libro.

Cómpre lembrar que a entrada en vigor deste documento chega só uns días despois da publicación do barómetro de hábitos de lectura e compra de libros de España en 2025, no cal se recolle que o 65,9 % de galegos e galegas len libros no seu tempo libre por ocio, establécese así como unha das comunidades en que máis subiu este índice nos últimos cinco anos.

Esta folla de ruta é a primeira destas características que se desenvolve desde o Goberno galego. A iniciativa responde ao compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa lectura como parte importante no eido cultural, no senso de actuar como forma de acceso ao coñecemento, ferramenta básica para a socialización e o lecer, garante dunha sociedade democrática.

Así, o documento leva tomando forma desde o 2018, cando se iniciaron os contactos para crear a Estratexia da cultura galega 2021 e se presentou unha primeira proposta para elaborar un plan deste tipo. É resultado, polo tanto, de anos de análise de datos, realización de estudos e recepción de achegas das distintas organizacións e entidades que se sumaron á diagnose da situación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PORTOS DE GALICIA SOMETE Á INFORMACIÓN PÚBLICA O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DA DRAGAXE DO LÉREZ EN PONTEVEDRA

- O investimento na obra ascende a 11,9 millóns de euros para recuperar o calado ao longo de 4,5 quilómetros na canle de acceso ao porto pontevedrés coa retirada de 500.000 metros cúbicos de áreas de categoría A, a de máis calidade
- O proxecto básico estará dispoñible durante 30 días hábiles na web do ente público para consulta dos interesados e a presentación de alegacións
- En paralelo solicitaranse os informes técnicos preceptivos aos organismos competentes da Administración estatal, autonómica e local para, superado este trámite, redactar o proxecto construtivo e licitar os traballos
- As obras contarán cun programa de vixilancia ambiental orzamentado en 400.000 euros e un plan de xestión de interesados para unha comunicación sistemática

Portos de Galicia iniciou o trámite de información pública do estudo de impacto ambiental da obra de dragaxe do río Lérez, na canle de acceso ao peirao de Pontevedra, na cal a Xunta investirá 11,9 millóns de euros. O *Diario Oficial de Galicia* recolle hoxe o anuncio en que se fan públicos o inicio do trámite e o proxecto básico das obras, dos cales tomou razón esta mañá o Consello da Xunta.

A documentación estará dispoñible na páxina web de Portos de Galicia durante 30 días hábiles para a consulta do estudo e do proxecto básico e a presentación de alegacións. En paralelo, Portos de Galicia solicitará os informes técnicos aos organismos competentes -da Administración estatal, autonómica e local- para, unha vez superado este trámite e recibidos os informes preceptivos, poder redactar o proxecto construtivo e licitar os traballos.

Co inicio da información pública, Portos de Galicia avanza significativamente na tramitación desta obra, a dragaxe de maior envergadura impulsada por Portos de Galicia, que permitirá recuperar o calado no río Lérez ao seu paso pola cidade de Pontevedra e, concretamente, as instalacións do porto das Corvaceiras e o club naval, e limpar a canle para favorecer a súa explotación marisqueira. Neste sentido, as obras darán resposta a unha demanda histórica das confrarías de Pontevedra, Raxó e Lourizán, así como do Club Naval e do Concello de Pontevedra, recollida tamén nun acordo unánime do Parlamento de Galicia.

500.000 metros cúbicos de area categoría A

Tal como recolle o proxecto, a dragaxe levarase a cabo, integramente, dentro do dominio público portuario do porto de Pontevedra e As Corvaceiras, que afecta unha lonxitude de 4,5 km e unha área total de 309.130 metros cadrados, da cal se retirarán máis de 500.000 metros cúbicos de areas.

O material dragado depositarase na zona validada polo Ministerio de Transición Ecolóxica -Administración competente- denominada zona B, no exterior da ría de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Arousa, que se atopa a 20 millas náuticas da zona máis exterior de actuación e a 24 da máis interior. O ámbito da dragaxe non se atopa dentro de ningún espazo protexido e as áreas que se extraerán están clasificadas como categoría A –a de máis alta calidade– por diversas caracterizacións realizadas nos anos 2009, 2015, 2020 e 2024.

Concretamente, dragarase a canle de acceso entre a cota -2,5 e -3,5, nunha superficie de 276.431 metros cadrados, con volume total de 419.319 metros cúbicos; o ámbito do Club Naval, cunha cota de -2,5, nunha superficie de 18.250 metros cadrados e con volume total de 44.731 metros cúbicos; e a dársena das Corvaceiras, a cota -1, nunha superficie de 5.838 metros cadrados, con volume total de 13.618 metros cúbicos. Así mesmo, dragaranse catro pozas existentes na canle, que funcionan como sumidoiros de material sedimentario, ata a cota -7 metros, cun volume total de 22.871 metros cúbicos.

Vixilancia ambiental e plan de xestión de interesados

As obras contarán cun programa de vixilancia ambiental que se desenvolverá con carácter previo á obra e durante a súa execución e para o que se destinan 400.000 euros. Establecerase, ademais, un plan de xestión de interesados, que inclúa o sector marisqueiro, as administracións competentes e os clubs recreativos, entre outros actores relevantes, co fin de asegurar unha comunicación transparente, fluída e sistemática durante toda a execución das obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 2,6 M€ NO DESEÑO DO PLAN GALEGO DE SANEAMENTO 2028-33 PARA FIXAR PRIORIDADES E MELLORAR A CALIDADE DO CONXUNTO DOS RECURSOS HÍDRICOS

- O obxectivo do Executivo galego é aprobar este instrumento o vindeiro ano para mellorar os servizos prestados á cidadanía atendendo de forma integrada cuestións como a sustentabilidade ambiental, a eficiencia enerxética, a reutilización da auga ou a aplicación dos principios da economía circular
- Entre os retos aos que pretende dar resposta están unha maior transparencia cara aos usuarios dos rendementos, resultados e custos, mecanismos de financiamento apoiados en tarifas que permitan recuperar os custos do servizo e planificar a reposición de infraestruturas así como optimizar a recollida das augas industriais
- O fin último é contar cunha ferramenta dinámica que permita un seguimento e revisión continua para adaptarse á evolución do territorio, da poboación, das infraestruturas e das exixencias normativas
- A diagnose de situación realizada revela que o saneamento en Galicia está condicionado por características como a dispersión da poboación ou a necesidade de melloras nas zonas rurais así como de renovación dalgunhas infraestruturas
- O traballo en marcha permitiu aprobar xa o Rexistro oficial de aglomeración urbanas de máis de 250 habitantes equivalentes e agora estase a desenvolver un proceso participativo con todos os axentes implicados para contar cun completo documento que contribúa a mellorar a coordinación para planificar actuacións e investimentos

A Xunta está a traballar no deseño do Plan xeral galego de saneamento para o período 2028-2033, un instrumento que pretende ser o marco de referencia para a programación e priorización das actuacións de tratamento das augas residuais en Galicia. O fin último desa planificación, na que o Executivo galego está a investir arredor de 2,6 millóns de euros, é mellorar a calidade do conxunto dos recursos hídricos da comunidade e, ao mesmo tempo, os servizos prestados á cidadanía.

O Consello analizou hoxe un informe de Augas de Galicia que recolle o traballo realizado ata o momento para elaborar este plan e os pasos pendentes co fin de aprobalo o vindeiro ano. A pretensión é avanzar cara a un modelo orientado á protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos no que se teñan en conta de forma integrada a sustentabilidade ambiental, a eficiencia enerxética, a xestión das augas pluviais, a reutilización da auga ou a aplicación dos principios da economía circular, entre outras cuestións fundamentais.

Os principais retos aos que pretende dar resposta son o establecemento de mecanismos de cogobernanza eficaces, unha maior transparencia cara aos usuarios dos rendementos, resultados e custos, elementos de financiamento baseados na colaboración interadministrativa e apoiados en tarifas que permitan recuperar os custos do servizo e planificar a reposición de infraestruturas así como atender os desafíos derivados do crecemento económico e a necesidade de optimizar a recollida das augas industriais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta liña, concíbese como un instrumento dinámico e non finalista que permita un seguimento e unha revisión continua ao longo do tempo adaptándose á evolución do territorio, da poboación, das infraestruturas e das exixencias normativas. Con ese fin, incluírá un sistema de indicadores obxectivos e repetibles que faciliten a avaliación periódica da situación do saneamento e a eficacia das medidas implantadas.

A maiores, o plan enmárcase plenamente nos obxectivos estratéxicos da loita contra o cambio climático, en coherencia coa Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, coa Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030 e coa normativa europea sobre tratamento das augas residuais urbanas. Deste xeito, converterase nunha ferramenta clave para garantir uns servizos de saneamento e depuración eficientes, sostíbeis e respectuosos co medio ambiente.

Ata o momento completouse a primeira fase dos traballos, coa realización dunha análise e diagnóstico da situación do saneamento no conxunto da comunidade, e estase coa segunda fase, de elaboración do plan.

Esa radiografía da situación actual puxo de manifesto unha serie de características estruturais do saneamento en Galicia fortemente condicionadas pola dispersión da poboación, a baixa densidade en amplas zonas do territorio e a elevada presenza de sistemas unitarios de saneamento. Nesta liña, constatouse a existencia de importantes diferenzas territoriais na conexión da poboación aos sistemas de saneamento e depuración, con menor proporción en ámbitos rurais ou en concellos con elevada dispersión, así como a necesidade de renovar infraestruturas -tanto redes como estacións depuradoras- para mellorar a súa eficiencia, entre outras cuestións.

A partir das necesidades detectadas elaborouse un conxunto de directrices que constitúen un elemento fundamental para orientar a planificación e a toma de decisións garantindo a coherencia das actuacións e a súa adecuación ás necesidades reais.

Segunda fase

Nestes momentos estase coa segunda fase dos traballos, de redacción do plan, na que se concretan os obxectivos, criterios e medidas necesarias para ordenar e mellorar de forma efectiva os sistemas de saneamento e depuración da comunidade. En definitiva trátase de traducir o diagnóstico realizado nun documento de planificación con efectos directos na programación de actuacións e investimentos.

De feito, un dos primeiros fitos desta etapa foi a elaboración e aprobación definitiva -en novembro do ano pasado- do Rexistro oficial de aglomeracións urbanas de Galicia, no que se recollen aquelas de máis de 250 habitantes equivalentes como unidade básica para a ordenación do saneamento da comunidade e que busca optimizar a xestión dos sistemas de tratamento das augas residuais.

Precisamente os traballos en curso céntranse na definición dos obxectivos do plan, tanto a escala autonómica como para cada concello, aglomeración urbana e masa de auga, que irá acompañado dun programa de medidas. Trátase dun proxecto ambicioso

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que permitirá orientar a programación de investimentos e servir de referencia para a coordinación das actuacións das distintas administracións e entidades implicadas.

Precisamente por iso, e en paralelo á redacción técnica do documento, estase a desenvolver un proceso participativo con xornadas telemáticas e presenciais dirixidas aos responsables políticos e técnicos das administracións locais, ás empresas explotadoras dos sistemas de saneamento e a outros axentes do sector co fin de recoller achegas directas dos xestores dos servizos, contrastar os problemas detectados no diagnóstico e debater posibles liñas de actuación para incorporar ao plan.

Estas sesións permitirán debater as medidas necesarias para mellorar a eficacia, a eficiencia e a transparencia dos servizos de saneamento e depuración, incidindo especialmente naquelas actuacións que dependen da organización, da xestión e da coordinación institucional, máis aló da mera execución de infraestruturas.

A información obtida neste proceso participativo incorporarase ao plan co fin de pechar a súa documentación técnica e aprobalo inicialmente para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), a remisión ás partes interesadas e a apertura dun período de propostas e suxestións así como o desenvolvemento en paralelo dunha consulta pública. A iso seguiralle o inicio da tramitación da avaliación ambiental estratéxica e a elaboración do informe de análise das propostas e xestións recibidas, que será a base para a redacción da proposta definitiva do plan.

O fin último é culminar o procedemento de aprobación do plan en 2027 coa formulación da súa proposta definitiva, a aprobación polo Consello Reitor de Augas de Galicia, a elevación ao Consello da Xunta e a súa validación para publicación definitiva no *DOG*.

Nova formulación

O plan concíbese como unha visión renovada do saneamento na que a prioridade non se limita á execución de novas infraestruturas senón que se centra tamén na mellora da gobernanza, na eficiencia da explotación, na sustentabilidade ambiental e na protección das masas de auga en coherencia cos obxectivos europeos e autonómicos en materia de cambio climático, economía circular e calidade ambiental.

Ademais, o Plan xeral galego de saneamento establécese cun horizonte temporal (2028-2033) coincidente co período de vixencia da planificación hidrolóxica (2028-2033) tanto na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, xestionada pola Xunta, como no resto das demarcacións hidrográficas en territorio galego.

Este feito reforza a coherencia e a coordinación entre a planificación do saneamento e a planificación hidrolóxica, facilitando que os obxectivos e as medidas previstas no plan se integren nos correspondentes programas de medidas dos plans hidrolóxicos, en coherencia cos obxectivos ambientais establecidos para as masas de auga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONVOCA ESTE CURSO 8.300 PRAZAS PARA QUE ALUMNOS E DOCENTES MELLOREN IDIOMAS NO ESTRANXEIRO

- A Consellería de Educación destina preto de 18 M€ ao programa Galemundo, que fomenta estadias noutros países como método de aprendizaxe
- A iniciativa aglutina as bolsas e estadias para que estudantes e profesores melloren a aprendizaxe de idiomas a través dunha vintena de programas
- O obxectivo é consolidar a posición de Galicia como comunidade líder en nivel de inglés á vez que se avanza na internacionalización do ensino

A Xunta de Galicia convoca este curso 8.300 prazas para que alumnado e profesorado melloren a súa formación no estranxeiro, especialmente no manexo de diferentes idiomas. En concreto, ao abeiro do programa Galemundo que promove Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, está previsto que a iniciativa poida beneficiar a arredor de 6.700 estudantes e 1.600 docentes cun investimento de preto de 18 M€.

Galemundo inclúe todas as bolsas e estadias impulsadas polo departamento educativo do Goberno autonómico, que permiten aos membros da comunidade escolar viaxar a outros países e mellorar as súas competencias lingüísticas. Isto contribúe a consolidar a posición de Galicia como comunidade líder en nivel de inglés á vez que se avanza na internacionalización do ensino.

Neste sentido, cómpre lembrar que a nosa Comunidade volveu acadar o primeiro posto no informe anual de *Education First (EF)*, o principal neste eido, por segundo ano consecutivo. Cunha puntuación de 563 puntos, 23 máis que a media de España e 73 máis que a media global, Galicia sitúase na táboa de dominio alto da lingua inglesa no contexto mundial, mentres que o conxunto de España queda na de manexo moderado.

Erasmus+ e FP

Unha das principais accións de internacionalización do ensino é o programa comunitario Erasmus+. Ao seu abeiro, este curso realizarán mobilidades preto de 5.200 estudantes e profesores, cun investimento total de máis de 8 M€. Isto inclúe tanto as axudas complementarias que a Xunta concede aos universitarios que participan no programa como as destinadas ao alumnado de ensinanzas artísticas de grao superior.

Hai, así mesmo, bolsas para que o estudantes e docentes de FP realicen estadias no estranxeiro que fortalezan o seu coñecemento de idiomas, melloren as súas competencias técnicas e adquiran unha visión máis global desde a perspectiva empresarial.

No ámbito de Erasmus+ tamén se inclúen as viaxes ao estranxeiro realizadas no marco dos diferentes programas que desenvolven o preto de 100 centros de ensino galegos que participan en diferentes proxectos en colaboración con centros educativos de outros países no marco das mobilidades KA 121, KA122 e KA131.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estadías durante o verán

No que respecta ao verán, este curso volverán desenvolverse as estadías lingüísticas en países estranxeiros tanto para alumnado de Bacharelato como das universidades, cun total de 815 prazas (647 para os primeiros e 168 para os segundos) que, sumadas ás dirixidas ao profesorado, permiten superar as 1.000 prazas na época estival.

No caso de bacharelato, os rapaces reforzan o seu coñecemento de idiomas con viaxes a Alemaña, Canadá, Reino Unido, Francia e Portugal. A Xunta faise cargo dos gastos derivados do custo dos cursos nos devanditos países, así como a manutención, aloxamento, traslados e actividades complementarias.

Pola súa banda, para os universitarios convócanse bolsas para que realicen cursos de idiomas no estranxeiro durante o verán en calquera país do mundo. Os beneficiarios asistirán, de xeito presencial, a un curso idiomático no período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto cun mínimo de 45 horas lectivas.

Tamén o profesorado ten acceso a liñas en Galemundo para formarse no estranxeiro principalmente no verán, coa realización dun curso de idiomas, ou como alternativa a través da integración no sistema educativo doutro país durante o primeiro trimestre. Neste caso, beneficiaranse 308 profesionais.

Intercambios durante o curso

A maiores, ao longo do curso, a Consellería promove intercambios entre estudantes de colexios e institutos que se aloxan nos fogares das familias dos participantes e se integran nos respectivos centros escolares. Existen unha modalidade xeneral, que posibilita conexión con múltiples países, e outra específica para Francia. A maiores, ofértase o programa Escolas de Fronteira, neste caso sen necesidade de aloxamento, que consiste na colaboración entre centros Infantil e Primaria de Galicia e Portugal nun proxecto común de actividades culturais e pedagóxicas para intensificar lazos.

Ámbito universitario

No ámbito universitario, a maiores das axudas complementarias para os participantes no programa Erasmus+, a Xunta de Galicia impulsa catro convocatorias diferentes para promover a formación do alumnado destas ensinanzas no estranxeiro. A previsión é que este curso beneficien a arredor de 420 rapaces, cun investimento de máis de 6 M €.

Por unha banda, convócanse as xa mencionadas bolsas para que os universitarios realicen cursos de idiomas no estranxeiro durante o verán, ademais de bolsas para a mobilidade a países extracomunitarios non incluídos no Erasmus+. A maiores, sufráganse as estadías no estranxeiro dos investigadores predoutorais e posdoutorais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA AS OBRAS PARA A MELLORA DA CLIMATIZACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES PÚBLICA AUTONÓMICA JOSÉ OTERO, EN SANTIAGO

Destínanse preto de 230.000 euros a esta actuación, que ten un prazo de execución de dous meses

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a licitación do contrato de obras para a mellora do sistema de climatización da residencia de maiores pública autonómica José Otero, situada en Santiago de Compostela e que ten unha capacidade de 150 prazas. O orzamento base de licitación desta intervención é de case 230.000 euros e o seu prazo de execución previsto é de dous meses.

O contrato, que hoxe se publica no perfil do contratante, suporá a substitución dos actuais equipos de climatización situados no soto do edificio por uns novos que se instalarán na cuberta do mesmo. Con esta renovación garántese o confort térmico necesario para este tipo de instalacións e, con el, o benestar das persoas residentes.

Estas obras están sufragadas con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea (NextGenerationEU) e enmárcanse na aposta do Goberno galego en prol da atención das persoas maiores, neste caso, a través da mellora e o acondicionamento das residencias da rede pública autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA TEN ADXUDICADO XA CASE 1.450 M€ QUE REPRESENTAN O 95% DO IMPORTE PUBLICADO EN CONVOCATORIAS E LICITACIÓN E O 88% DO INGRESADO DE FONDOS MRR

- O conselleiro de Facenda e Administración Pública presentou ao Consello do Goberno galego o informe de execución do MRR correspondente ao cuarto trimestre de 2025
- Preto de 48.000 persoas físicas, máis de 8.200 autónomos e case 7.000 entidades e sociedades estanse a beneficiar destes fondos

A Xunta de Galicia acada os 1.449 millóns de euros adxudicados dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia que lle foron asignados, o cal representa o 95% do importe publicado en convocatorias e licitacións e o 88% do ingresado. Canto á execución, a Xunta de Galicia incrementa o ritmo ata acadar os 1.119 millóns de euros que xa foron pagados ás empresas, persoas físicas, autónomos e outras entidades e sociedades. Así se reflicte no informe que o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, presentou ao Consello do Goberno galego referido á execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia correspondente ao cuarto trimestre de 2025.

Segundo explicou Miguel Corgos no Consello, os ingresos recibidos que a Xunta ten a disposición para a execución do MRR ascenden a 1.639 M€, en ámbitos como a transición verde e transformación dixital, industria, comercio e turismo, protección social e educación ou ciencia e saúde. O conselleiro de Facenda e Administración Pública subliñou o avance na execución que os distintos órganos xestores da Xunta de Galicia están a conseguir.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública recordou que o prazo de execución dos fondos MRR finaliza no ano 2026, polo que fixo fincapé na importancia de continuar na senda de execución co obxectivo de garantir unha óptima absorción dos fondos que ten a disposición a Xunta de Galicia. Se ben o prazo de finalización remata a mediados de ano, desde algúns ministerios indicouse que podería estenderse ata finais de 2026, polo que Miguel Corgos lamentou que, a estas alturas, non exista unha comunicación clara por parte do Ministerio de Hacienda sobre os criterios de peche dos programas.

O informe presentado repasa tamén o estado de execución dos Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica, que son deseñados, planificados e xestionados polo Goberno do Estado. Existen, na actualidade, 12 PERTE aprobados con financiamento de fondos MRR, que contan cun orzamento total de máis de 41.000 M€, pero só se adxudicaron ata o de agora 20.380 M€ (49 %), porcentaxe que contrasta cos datos de execución acadados pola Xunta de Galicia. A participación de Galicia nas adxudicacións dos PERTE é do 5,4 % do asignado en toda España (1.095 M€).

Canto ao impacto da execución da Xunta de Galicia a través dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia na sociedade galega, ata finais do cuarto trimestre de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

2025, preto de 48.000 persoas físicas, máis de 8.200 autónomos e case 7.000 entidades e sociedades estanse a beneficiar dos fondos xestionados polo Goberno galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ UN ULTIMÁTUM ANTES DE RECORRER Á VÍA XUDICIAL PARA QUE O GOBERNO CENTRAL ACHEGUE A RESPOTA AO DITAME DA UE SOBRE AS PRÓRROGAS DA AP-9

- Co requirimento xa comunicado téntase acceder á resposta do Estado español á Comisión Europea sobre o ditame das prórrogas da AP-9, que xa fora pedido pola Xunta hai tres meses, sen obter contestación
- O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible dispón agora dun mes para a súa contestación e, de persistir no silencio, a Xunta presentará o recurso contencioso
- O Executivo autonómico reitera os beneficios do rescate e a eliminación das peaxes, redundando no cálculo de custos, na seguridade viaria no transvasamento de tráfico cara á AP-9 e, consecuentemente, no aforro de tempo e de competitividade

O Consello deu conta hoxe dun informe sobre o último requirimento feito neste inicio de ano pola Xunta de Galicia ao Goberno central para coñecer a resposta que lle dirixiu o Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible á Comisión Europea, tras o ditame dese órgano sobre as prórrogas da AP-9. No mesmo, advírtese ao Goberno estatal que, de non remitir resposta no prazo dun mes, a Xunta emprenderá accións xudiciais en defensa dos intereses de Galicia.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas requiriu hai máis de tres meses o acceso á información remitida polo Ministerio á Comisión Europea tras o seu ditame sobre as prórrogas da AP-9 emitido en setembro. Transcorrido o prazo legal para contestar, sen que o Goberno central facilitase a documentación solicitada, a Xunta vén de enviar un novo requirimento ao Goberno central, brindándolle unha última oportunidade de facilitar a documentación, previa á apertura da vía contencioso-administrativa.

O requirimento ten como obxectivo acceder á resposta que o Estado español remitiu á Comisión Europea no marco do ditame motivado sobre as prórrogas á concesión da AP-9, no que Bruxelas cuestiona o cumprimento da normativa comunitaria de contratación pública. A Comisión Europea advertiu, ademais, de que España podería ser levada ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea se non adopta as medidas oportunas, polo que se trata dun asunto de enorme transcendencia para a Comunidade.

Tal e como adiantou o Executivo autonómico, o envío deste requirimento abre un novo prazo dun mes: se o Ministerio non responde ou se a resposta non é considerada válida, a Xunta presentará recurso contencioso-administrativo. O Goberno galego actúa así en defensa do interese xeral de Galicia e para garantir a transparencia nunha infraestrutura estratéxica que vertebra o territorio como é a AP-9.

Non é a primeira vez que o Goberno central desoe as peticións reiteradas de Galicia en relación coa AP-9. Desde o inicio da lexislatura, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas dirixiuse ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible nunha ducia de ocasións para abordar cuestións relacionadas coa xestión da autoestrada e tratar de manter un encontro co ministro do ramo sobre este asunto. Mesmo se lle deu

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

traslado dos numerosos acordos parlamentarios unánimes para reclamar a gratuidade das peaxes e o rescate da concesión.

O Executivo autonómico quere insistir en que a solución na AP-9 pasa polo rescate e a transferencia da xestión da autoestrada. A Xunta de Galicia ten feitos os cálculos sobre o custo do rescate en relación coa permanencia da prórroga ata 2048, que plasmou nun estudo en 2024 que estimaba inicialmente a cifra en 2.331 M€, equiparables ao que suporía atender a política de bonificacións desenvolvida polo Goberno estatal ata esa data.

Actualizado este cálculo o pasado agosto de 2025 -informado polo Consello da Xunta- a contía elévase ata os 2.356M€, unha nova estimación na que destaca o incremento en 65M€ do lucro cesante da concesionaria, como consecuencia do aumento dos seus beneficios.

A Xunta considera que a xestión da autoestrada por parte do Estado nos últimos anos resultou prexudicial para o interese xeral. Entre os principais efectos sinalados figuran a subida continuada e desproporcionada das peaxes e o enriquecemento progresivo da concesionaria.

Infraestrutura estratéxica

A AP-9 constitúe unha infraestrutura estratéxica que vertebra o 60% do territorio galego, cunha intensidade media diaria de 26.000 vehículos, que nalgúns treitos acada os 60.000, e cunha funcionalidade clave tanto para o tráfico interurbano como metropolitano.

A Xunta lembra que mentres noutras zonas de España se está a proceder á reversión de numerosas autoestradas de peaxe, séguelle a negárselle a Galicia.

As condicións do rescate, a medida que pase o tempo, serán cada vez máis gravosas polas inxeccións de diñeiro público que está a recibir a concesionaria, sumada á suba de tarifas. Ademais adiaranse os beneficios do transvase de tráfico que a liberación da peaxe implicará dende as estradas convencionais cara á AP-9, co consecuente aforro de tempo, menos contaminación e máis seguridade viaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA PON EN MARCHA NESTE MES DE FEBREIRO A REDE DE PSICÓLOGOS CLÍNICOS EN ATENCIÓN PRIMARIA COA INCORPORACIÓN DE 21 NOVOS PROFESIONAIS

- O obxectivo é mellorar a abordaxe dos trastornos mentais comúns, optimizando a coordinación entre os servizos de atención primaria e os servizos especializados de Psiquiatría, dos que dependerán
- Sinala que a Área Sanitaria da Coruña e Cee contará con cinco novos profesionais da saúde mental; a de Santiago-Barbanza con tres; a Área Sanitaria de Vigo con cinco; a de Pontevedra e O Salnés con un; a área de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos con tres; a de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras con tres; e a área sanitaria de Ferrol con un
- Subliña que en total a atención primaria suma 28 psicólogos clínicos e avanza cara ao obxectivo de contar cun total de 50 antes do ano 2030, de acordo co progresivo incremento previsto de profesionais dispoñibles para a súa contratación
- Avánzase así nunha das liñas estratéxicas do novo Plan de Saúde Mental da Xunta que procura unha atención máis integral e coordinada entre os distintos niveis asistenciais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á posta en marcha, neste mes de febreiro, da Rede de psicoloxía clínica en atención primaria do Servizo Galego de Saúde coa incorporación de 21 novos profesionais.

Na procura de mellorar os coidados en saúde mental da poboación, co “compromiso de aumentar o número de psicólogos que traballan na Sanidade pública galega”, o Executivo realizará un investimento de máis 1,5 millóns de euros para dotar o primeiro nivel asistencial do sistema sanitario público galego con especialistas do ámbito da psicoloxía clínica, no modelo participaran de forma colaborativa co resto do equipo de atención primaria.

Entre os obxectivos que se perseguen coa Rede de psicólogos clínicos en atención primaria destacan: mellorar a abordaxe dos trastornos mentais comúns (depresión e ansiedade leve moderada e trastornos adaptativos), facilitando o acceso a intervencións psicolóxicas; e garantir unha atención integral, accesible e coordinada ao conxunto da poboación.

Así mesmo, mellorará a accesibilidade aos recursos específicos para o tratamento dos problemas de saúde mental e desenvolverá accións preventivas e de promoción no eido da saúde mental. Ademais, incidirá en optimizar a coordinación entre os servizos de atención primaria e os servizos especializados de psiquiatría das áreas sanitarias, dos que dependerá funcionalmente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo abundou o presidente, coa posta en marcha da rede, a área sanitaria da Coruña e Cee incorporará 5 psicólogos clínicos: nos centros de saúde de Abegondo/Curtis/Teixeiro; Miño/Sada; A Laracha/Cerceda; Os Rosales/Labañou; e Vimianzo/Cee). A área de Santiago de Compostela e Barbanza disporá de novos tres profesionais: nos centros de saúde de Muros; Melide/Arzúa; e Rianxo. A área de Vigo disporá de cinco novos psicólogos: no centro integral de saúde Olimpia Valencia; no centro de saúde de Navia; no de Ponteareas; en Redondela; e no de Moaña. A área sanitaria de Pontevedra e O Salnés incorporará un novo profesional, no centro de saúde Virxe Peregrina/Centro de Saúde de Sanxenxo.

A atención primaria da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos contará con tres novos especialistas en saúde mental: en Viveiro, Sarria e no centro de saúde Praza de Ferrol de Lugo. Outros tres estarán na área de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras: nos centros de saúde Valle Inclán/Puente/O Carballiño; en Novoa-Santos/O Couto/Mariñamansa/Ribadavia; e no Barco de Valdeorras/Viana do Bolo). A área sanitaria de Ferrol sumará un psicólogo clínico no centro de saúde Fontenla Maristany.

Rueda sinalou que estas novas 21 incorporación triplican "o número de profesionais que agora mesmo están traballando", sete profesionais nos centros de saúde de Fene/Narón (1), na área sanitaria de Ferrol; no centro de saúde do Milladoiro (1), na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza; nos centros de saúde Illas Canarias/Fingoi/Sarria/Vilalba (1), na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; nos centros de saúde de Ribadavia/O Carballiño (1), na área de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; nos centros de saúde de San Roque (Vilagarcía)/Marín/A Parda (2), na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés; e nos centros de saúde de Bembrive e Sárdoma, da área sanitaria de Vigo.

En total, o titular do Executivo galego sinalou que a atención primaria galega suma 28 psicólogos clínicos e avanza cara ao obxectivo de "seguir aumentando esta rede de psicólogos clínicos na atención primaria ata chegar a 50" antes do ano 2030, de acordo co progresivo incremento previsto de profesionais dispoñibles para a súa contratación

Con esta medida, o Goberno da Xunta segue a incrementar a carteira de servizos dos centros de saúde de Galicia co obxectivo de mellorar a detección, a avaliación e o tratamento dos trastornos mentais comúns da poboación.

Tamén se avanza nunha das liñas estratéxicas do novo Plan de Saúde Mental da Xunta que procura unha atención máis integral e coordinada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A ATRACCIÓN DE TALENTO EMPREENDEDOR DOS RETORNADOS CUNHA NOVA EDICIÓN DE AXUDAS DOTADA CON MÁIS DE 1 M€ PARA APOIAR 150 PROXECTOS

- A convocatoria de 2026 destas achegas, integrada na Estratexia Galicia Retorna e tamén na Estratexia de emprendemento ligado ao territorio sairá publicada este mércores no DOG e abrirá o prazo de solicitudes o vindeiro 9 de febreiro
- As achegas van desde os 6.000 euros e poden chegar ata os 10.000 euros cando a persoa solicitante é muller e o seu centro de traballo está situado nun municipio rural
- Desde a súa posta en marcha apoiáronse nuns 200 concellos galegos máis de 1.000 proxectos de persoas cunha media de idade de 41 anos e procedentes de máis de 40 países, destacando, entre outros, Suíza, Reino Unido, Alemaña, Arxentina e Cuba
- Súmanse a outras axudas como as extraordinarias ao retorno, o Retorna Cualifica Emprego ou as BEME, así como aos apoios ao emprendemento e aos autónomos, estes últimos tamén analizados hoxe no Consello e que se publicarán o mércores
- A atracción de talento retornado para emprender é un dos eixos da Estratexia de emprendemento ligada ao territorio, eido no que destaca a Rede de polos na que se levan atendido preto de 300 iniciativas de persoas retornadas

O Consello da Xunta analizou hoxe a convocatoria de axudas de 2026 para promover o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes galegas retornadas, que sairá publicada este mércores no *Diario Oficial de Galicia*. A ela o Goberno galego destina un crédito inicial de máis dun millón de euros, que permitirá apoiar a posta en marcha duns 150 proxectos con achegas de entre 6.000 e 10.000 euros. Esta medida permite promover o autoemprego como unha vía viable de retorno aos galegos e galegas do exterior e encádrase na Estratexia Galicia Retorna e tamén na Estratexia de emprendemento ligado ao territorio, actualmente en período de consultas con todo o sector e dirixida a fixar actividade económica no rural.

De feito, desde a súa posta en marcha no ano 2013, estas achegas permitiron apoiar en arredor de 200 concellos galegos máis de 1.000 proxectos de persoas cunha media de idade de 41 anos e procedentes de máis de 40 países, destacando entre eles Suíza, Reino Unido, Alemaña, Francia, Arxentina, Cuba, Venezuela, Uruguai e o Brasil.

Deste xeito —na mesma liña que as achegas a novas iniciativas emprendedoras xa aberta e tamén integrada na Estratexia de emprendemento— estes apoios a persoas retornadas poñen o foco no rural, pois o importe mínimo da achega de 6.000 € amplíase en 3.000 € cando o centro de traballo está situado nun concello rural. Ademais, no caso de que a persoa solicitante sexa muller, a contía sobe en 1.000 €.

En concreto, estas axudas destínanse ás persoas galegas que regresan á súa terra de orixe, xa fosen nadas na Galicia territorial ou nos seus países de destino, e teñen como fin poder sufragar gastos orixinados pola posta en funcionamento dun negocio. Poderán solicitarse desde o vindeiro 9 de febreiro ata o 30 de setembro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outros apoios ao retorno

A estas achegas súmanse outras tamén integradas na Estratexia Galicia Retorna, como as extraordinarias ao retorno para apoiar ás galegas e galegos retornados nos gastos iniciais derivados do seu regreso a Galicia, das que a convocatoria de 2026 abrirá mañá ata o 30 de setembro de 2026 e conta cunha dotación de 2,5 M€. Outros incentivos dirixidos a este colectivo son os programas de apoio ao emprego por conta allea —como o Retorna Cualifica Emprego— ou as bolsas BEME para a atracción de talento cualificado, actualmente abertas, así como o acompañamento permanente que prestan ao longo de todo o proceso as oficinas de Retorno.

Esta batería de medidas exemplifica o modelo de captación de talento ordenado, planificado e integral impulsado pola Xunta e contribúe a potenciar Galicia como terra de oportunidades tal e como reflicten os últimos datos recollidos na Estatística de Migracións e Cambios de Residencia de 2024 do Instituto Nacional de Estatística (INE). Nela vese a consolidación das cifras históricas de retorno, con preto de 8.500 persoas procedentes do exterior que regresaron a Galicia —o 85 % menores de 65 anos e o 57 % menores de 45—, así como un saldo migratorio positivo histórico de 30.325 persoas.

Apoio ao emprendemento e ao colectivo de autónomos

Ademais, este programa a prol da atracción do talento emprendedor das persoas retornadas complementa outras medidas englobadas na Estratexia de emprendemento ligado ao territorio. Neste ámbito é clave o labor da Rede de polos de emprendemento, que conta con 15 localizacións activas en toda Galicia nas que se levan atendido máis de 5.500 proxectos, dos que preto de 300 pertencen a persoas retornadas. A estes apoios engádense os específicos ás persoas autónomas —clave no ecosistema emprendedor— analizados hoxe mesmo no Consello da Xunta e que tamén se publicarán no DOG este mesmo mércores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 42 M€ EN AXUDAS PARA APOIAR O EMPREGO AUTÓNOMO CON REFORZOS ESPECÍFICOS PARA O INICIO DA ACTIVIDADE NO RURAL E A REMUDA NOS NEGOCIOS

- O Goberno galego lanza o mércores dun xeito integral os novos apoios ao sector, con achegas ao inicio, mantemento, consolidación ou reactivación da actividade (40,7 M€), á contratación indefinida polo colectivo (1,3 M€) e ás asociacións (350.000 €)
- Para axilizar a súa tramitación volve convocar cinco programas nunha orde unificada, ampliando a dous anos a cota 0 aos autónomos que inicien a súa actividade en sectores asociados á agricultura, gandería e silvicultura e sobe nun 20% o Bono Remuda
- O paquete único, que tamén inclúe apoios á conciliación e os bonos nova oportunidade e autónomo, beneficiará ata 8.700 persoas autónomas, que se suman ás 160 persoas desempregadas que poderán ser contratadas polo colectivo a través da orde de apoios
- Ademais, despois de ser analizadas hoxe polo Consello da Xunta este mércores tamén se publicarán as novas axudas para apoiar o autoemprego de persoas retornadas
- Galicia é a 3º CC.AA. con maior peso relativo do colectivo nas afiliacións e, con datos da EPA, pechou 2025 con 8.100 traballadores independentes máis que hai un ano

A Xunta destinará este ano máis de 42 M€ aos apoios específicos ás persoas traballadoras autónomas a través de distintas liñas que se convocarán este mércores no *Diario Oficial de Galicia* e que foron analizadas hoxe no Consello da Xunta. As achegas son as dirixidas ao inicio, consolidación, mantemento ou reactivación da actividade, a través dunha orde única dotada con 40,7 M€ para beneficiar 8.700 persoas autónomas, e que se complementan coas dirixidas a apoiar a contratación indefinida de 160 persoas desempregadas polo colectivo —1,3 M€— e ás asociacións de autónomos —350.000 €—.

Para avanzar na súa tramitación, dentro da batería de axudas cinco programas volverán a quedar unificados nunha orde, con foco no pulo ao sector primario, o rural e a remuda. Así, incorpora novidades no programa de promoción de emprego autónomo, ampliando a dous anos a cobertura da cota cero aos autónomos que inicien a súa actividade asociada á agricultura, gandería e silvicultura —axuda de ata 1.920€— fronte aos 12 meses da liña xeral —960€ de apoio—. Ademais, sobe nun 20% o orzamento do Bono Remuda —1,5 M€— dado o auxe da liña destinada a facilitar a transmisión de negocios.

Este paquete suma tamén o Bono Nova Oportunidade —para retornar ao autoemprego—, o Bono Autónomo —axudas a investimentos e melloras en negocios con máis de 42 meses activos— e á conciliación familiar, co obxectivo de facilitar a actividade dun colectivo que pechou o pasado ano representando máis do 19,3% dos afiliados á S. Social —é a 3º CCAA con maior proporción, 3,6 puntos por riba da media estatal—, e anotando un progresivo cambio de tendencia na evolución interanual. De feito, segundo a EPA, no cuarto trimestre de 2025 Galicia rexistrou 8.100 traballadores independentes máis que hai un ano (+6%).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Importes por programa da orde unificada

Respecto á orde unificada, 28,9 M€ dedícanse ao programa de promoción do emprego autónomo que consta de dúas liñas, unha para impulsar o inicio da actividade e o mantemento de emprego dos autónomos e outra coa que se garante a cota cero durante 12 meses de actividade, a nivel xeral e ata 24 meses nos casos de inicio de actividade en calquera sector asociado á agricultura, gandería e silvicultura. Para o Bono Nova Oportunidade consignaranse 1,5 M€ e para o Bono Autónomo, 8 M€.

No Bono Remuda, os 1,5 M€ abarcan apoios para quen asume o relevo, con dúas liñas: o Bono remuda rural —para negocios en concellos de menos de 10.000 habitantes— e o Bono remuda xeral —para os que están en concellos de 10.000 habitantes ou máis—. Ademais, desde o ano pasado tamén incorpora apoios para quen traspasa por xubilación, oscilando entre os 3.000 € e 6.000 € en función de se o concello no que está situado o negocio é de máis ou menos de 10.000 habitantes. Pola súa banda, o programa de conciliación conta con 750.000 € e tres liñas: apoio á contratación dunha persoa desempregada para cubrir a súa baixa de maternidade ou paternidade —ou por risco polo embarazo ou a lactancia—, a contratación dunha persoa desempregada para o coidado de menores, maiores ou dependentes ou para financiar servizos de coidado para persoas ao cargo do autónomo.

Achegas para a contratación indefinida e ás asociacións de autónomos

En canto aos apoios para favorecer a contratación indefinida e a formación de persoas desempregadas por parte dos propios autónomos en Galicia, que pechou 2025 segundo a EPA sendo a 3ª CCAA con maior porcentaxe de persoas autónomas que crean emprego. A orde apoiará a contratación indefinida do primeiro, segundo e terceiro traballador e inclúe dous tipos de axudas compatibles: os bonos de contratación e de formación para impulsar a cualificación das persoas empregadas. No caso dos destinados ao funcionamento das asociacións de autónomos, a finalidade é apoiar o movemento asociativo do colectivo.

O prazo para presentar solicitudes da orde única, cofinanciada parcialmente pola UE a través do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, así como das axudas á contratación por parte de autónomos estará aberto desde o 11 de febreiro ata o 30 de setembro e no caso das axudas ás asociacións do colectivo será desde este xoves, 5 de febreiro, ao 4 de marzo. Ademais, despois do seu paso de hoxe polo Consello e dentro da aposta integral polo sector autónomo e emprendedor, este mércores tamén se lanzarán as novas axudas para apoiar o autoemprego de persoas retornadas, cunha dotación inicial de máis de 1 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA AVANZA NO TRASPASO DAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE AUTORIZACIÓNS INICIAIS DE TRABALLO PARA POTENCIAR O MODELO PROPIO DE ATRACCIÓN DE TALENTO

- O Goberno galego acaba de recibir por parte do Executivo central un borrador de acordo de traspaso tras unha primeira reunión técnica celebrada a pasada semana
- O presidente do Executivo galego sinala que a Xunta está á espera da remisión da memoria económica que recolla o traspaso dos medios materiais e persoais vinculados ás novas competencias, e que debería ser enviado a finais deste mes como paso previo á Comisión Mixta de Transferencias
- Galicia urxe acelerar este proceso, máis necesario aínda coa regularización masiva de inmigrantes aprobada polo Goberno, mal concibida ao non nacer do consenso e que precisará respostas no territorio, incluíndo a inmediata incorporación ao emprego
- Salienta a negociación co Estado para asumir canto antes estas novas competencias co obxectivo de poder exercelas xa no primeiro semestre de 2026.
- Fronte aos bandazos e falta de planificación do Executivo nunha cuestión que debería ser de Estado, Galicia defende, dentro das súas competencias, un modelo de atracción de talento ordenado e conectado coas empresas para a inserción laboral con garantías

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Consello da Xunta avaliou un informe sobre os pasos que se están a dar por parte de Galicia para asumir as competencias en materia de autorizacións iniciais de traballo, o “prolegómeno a acordos importantes que teñen que chegar”.

Unha cuestión estratéxica para o Goberno autonómico, que despois de solicitar este traspaso ao Executivo en xullo de 2025 co respaldo unánime do Parlamento de Galicia e o aval do Consello Consultivo, acaba de recibir un borrador de acordo de traspaso tras unha primeira reunión técnica celebrada o pasado mércores 28 de xaneiro en Santiago.

Rueda informou de que o borrador de traspaso de competencias remitido inclúe as autorizacións iniciais de residencia e traballo por conta allea e por conta propia —ou a súa modificación sempre que afecte exclusivamente ao ámbito territorial de Galicia—; as autorizacións iniciais de traballo por conta allea e por conta propia —ou a súa correspondente prórroga— para persoas traballadoras transfronteirizas; as autorizacións iniciais de traballo para actividades de tempada —ou a súa prórroga—; ou as autorizacións de traballo por conta allea ou conta propia para titulares de estancias de longa duración por estudos, mobilidade de alumnos, servizo de voluntariado ou actividades formativas.

Segundo salientou o titular do Executivo galego, neste momento a Xunta está á espera da remisión da memoria económica “que recolla a transferencia dos medios materiais e persoais” vencellados ás novas competencias, e que segundo o transmitido no encontro da pasada semana, debería ser enviado a finais deste mesmo mes de febreiro como paso previo á convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para consensuar este traspaso. Nesta liña, o Goberno galego remarca a súa plena disposición e urxe ao

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Executivo central a avanzar, despois de ter que esperar catro meses entre o contacto inicial co Executivo e esta primeira reunión técnica.

Unha regularización aprobada sen consenso nin diagnóstico previo

Estas competencias, que tal e como sinalou o presidente xa teñen Euskadi e Cataluña, son —segundo advirte a Xunta— aínda máis necesarias para Galicia tendo en conta a situación que pode derivarse da regularización masiva de inmigrantes en situación irregular aprobada a pasada semana polo Goberno e que sen dúbida farán precisas respostas específicas dende o territorio ligadas ás políticas activas de emprego que exerce cada comunidade autónoma.

Respecto da regularización, o Goberno galego lamenta que esta nace mal concibida por derivarse dun acordo fóra da vía parlamentaria, convertendo o que debería ser unha cuestión de Estado nunha ferramenta conxuntural e aprobándoa sen consenso político, planificación nin diagnóstico previo. Ademais, a Xunta lembra ao Executivo que a incorporación real das persoas traballadoras estranxeiras non pode limitarse a formalizar situacións administrativas, remarcando a necesidade de vencellar a inmigración ao emprego de calidade para evitar situacións de vulnerabilidade ou exclusión social.

Por todo isto, lamentando o enfoque e as severas eivas estruturais da política migratoria do Goberno central, a Xunta urxe acelerar o traspaso de funcións e servizos relacionados cos permisos iniciais de traballo. O obxectivo é claro: sempre dentro das competencias autonómicas, avanzar nun modelo integral para Galicia que permita incorporar os traballadores estranxeiros ao tecido produtivo coa máxima axilidade, dun xeito ordenado e con todas as garantías. Un modelo propio, aliñado coas demandas de talento das empresas e no que se considera imprescindible a participación da administración autonómica en todo o proceso, dende a captación de traballadores á tramitación administrativa necesaria para que estes poidan traballar no noso territorio.

Vindeiros pasos de Galicia

A folla de ruta trazada por Galicia avanza en dous niveis. Por un lado, Rueda salientou a negociación co Estado para asumir canto antes estas novas competencias co obxectivo de poder exercelas xa no primeiro semestre de 2026. E, polo outro, os preparativos internos necesarios, que se seguirán a desenvolver nas vindeiras semanas, incluídos aqueles orientados a facilitar a inmediata incorporación ao tecido laboral das persoas inmigrantes que se regularicen.

Este modelo, no que tamén serán chave outras reclamacións ao Goberno central como a axilización da homologación de títulos ou a actuación do catálogo de postos de difícil cobertura, busca artellar as ferramentas axeitadas para procurar unha migración ordenada e ligada ao mercado de traballo. Un camiño que, segundo lembrou o presidente, conta cun eixo prioritario nos galegos e galegas do exterior artellado a través da Estratexia Galicia Retorna, e que baixo a mesma filosofía de planificación, accións en orixe e conexión directa coas empresas, busca atraer nun segundo eixo a traballadores de terceiros países, cun foco especial en Hispanoamérica por cuestións de arraigo sociocultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GARDACOSTAS DE GALICIA ATENDEU 140 EMERXENCIAS DE BUSCA E SALVAMENTO MARÍTIMO E DE LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA NO 2025

- A actuación dos Pesca 1 e Pesca 2, foron cruciais en 51 intervencións de auxilio inmediato, ademais de participar activamente na coordinación dos incendios do pasado verán, na provincia de Ourense
- A acción deste servizo, dependente de Mar, incluíu a realización de 9.760 inspeccións e 27.978 quilos de especies mariñas comisadas
- Galicia é a única comunidade autónoma de España cun corpo destas características para a protección e vixilancia da costa

Galicia é a única comunidade autónoma de España cun servizo como o de Gardacostas para a protección e vixilancia da costa. Concretamente, esta unidade, dependente da Consellería do Mar, segundo revela o informe que foi posto en coñecemento do Consello da Xunta este luns, atendeu o pasado ano 140 emerxencias marítimas. Destas, 90 correspondéronse con accións de busca e salvamento e 50 de loita contra a contaminación mariña.

No que respecta ás executadas con medios aéreos por auxilio inmediato, os helicópteros Pesca 1 e Pesca 2 realizaron 51 intervencións. O primeiro, con base en Vigo, acumulou 515 horas de voo, tendo unha participación destacada na coordinación dos incendios acontecidos este verán na provincia de Ourense. Pola súa banda, o Pesca 2, con base no heliporto de Celeiro, rexistrou 290 horas de funcionamento. En ambos os dous casos, as accións realizadas consistiron no rescate de persoas, buscas e evacuacións médicas de carácter urxente por accidentes producidos a bordo de buques ou en acantilados e ríos.

Os buques multipropósito de salvamento e barcos patrulleiros de vixilancia e inspección pesqueira executaron 63 actuacións.

Loita contra o furtivismo

O servizo de Gardacostas realiza un importante labor contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada. Neste senso, os profesionais desta unidade levaron a cabo 9.760 inspeccións no pasado exercicio, detectando 2.589 infraccións da normativa, o que supuxo un porcentaxe de incumprimento do 26,53 % en relación cos controis aplicados. Asemade, incautaron 27.978 quilos de especies mariñas, sendo o polbo (30,89 %), a sardiña (24,40 %) e a centola (11,45 %) as máis destacadas.

Con respecto aos comisos relativos a aquelas artes, aparellos, útiles, vehículos ou embarcacións empregados nos rexistros de infraccións tipificadas como graves ou moi graves, confiscou 15.439 cacharros para a captura de polbo, 16.276 nasas, 5 vehículos, 16 embarcacións e 2.004 miños de enmalle.